



Andrea, Daniel, Jorge e Raquel entre os participantes no acto.




Paola, Andrea e Raquel, minutos antes do inicio da ponencia.



Óscar, Nerea e Lara atenderon a cada unha das explicacións.



Os alumnos do colexio José García de Mende foron os primeiros en participar na actividade.



Carmen Fernández Gil foi a encargada de impartir a ponencia no centro de ensino ourensán.



Preparadas para a actividade Alba, Antía e Lucía.



Millán, Miguel e Alcxis prestaron moita atención.



Gladis e Álvaro non faltaron a esta interesante ponencia.

Escolares concienciados na importancia das doazóns

Esta iniciativa da concellería de Educación conta coa participación de 257 nenos de catro centros de ensino

O colexio José García de Mende foi o centro de ensino que iniciou unha nova proposta da Concellería de Educación que nesta ocasión contou coa colaboración do Centro de Transfusión de Sangue de Galicia para presentar ós escolares un interesante ciclo de charlas sobre a doazón de sangue. Nesta actividade participarán un total de 257 nenos e nenas do último ciclo

de Primaria de catro centros de ensino da cidade. Carmen Fernández Gil, psicopedagoga e promotora do CTG, está a ser a encargada de impartir as ponencias que teñen como obxectivo concienciar á poboación máis nova sobre a importancia dos bancos de sangue e das doazóns, imprescindibles para que os hospitais poidan realizar o seu labor asistencia.